



Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)

***A Comisión Informativa Permanente de Comercio, Industria e Promoción Económica, en sesión extraordinaria celebrada o 22 de agosto de 2016, emitiu ao amparo do previsto no artigo 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 65 do Regulamento orgánico municipal o seguinte dictame que ten carácter preceptivo e non vinculante:***

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde quen cuestiona os parágrafos 2º e 3º do artigo 9º referidos respectivamente á transmisión das concesións xa que se poden crearse franquicias e constituir un oligopolio na praza da abastos, e que él proporía a incorporación dunha disposición transitoria que sí o permitise durante un ano para regularizar a situación actual e en segundo lugar sobre o dereito de preferencia dos lindantes dos postos, que de momento se absterán, pregunta asimesmo sobre as causas de resolución coma a imposibilidade de explotación do servizo como consecuencia de medidas adoptadas polo concello con posterioridade ao que resposta o secretario que esa é una cláusula legal que ven establecida na normativa.

Intervén o Sr. Charlín Trigo quen dí que a transmisión lla pediron na xuntanza que mantiveron cos placeiros pero que de todas formas e co ánimo de que se aprobe a ordenanza por unanimidade llo comunicarán aos placeiros e co que lles contesten informarán ao voceiro de grupo municipal do partido popular.

Sometida a proposta a votación esta é aprobada con 4 votos a favor Srs. Charlín Trigo, Abal Varela, Cordal Rodríguez e Caamaño Rivas e 2 abstencións Sres Aragunde Aragunde, e Varela Piñeiro. En consecuencia queda ditaminada favorablemente a proposta da Concelleira de Medio Ambiente, Mar e Medio Rural sobre a aprobación inicial do Regulamento da Praza de Abastos do Concello de Cambados nos seguintes terminos:

Redactada a proposta do Regulamento da Praza de Abastos do Concello de Cambados, e informada por parte do Secretario Xeral, é polo que propoño á Comisión Informativa permanente de Comercio, Industria e Promoción Económica dictamine en sentido favorable a modificación e eleve ao pleno a seguinte proposta:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Regulamento da Praza de Abastos do Concello de Cambados segundo a redacción dada pola Concelleira de Medio Ambiente, Mar e Medio Rural.


Segundo.- Abrir un período de información pública por espacio de 30 días mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincial, e darlle audiencia á asociación da praza de abastos do concello de Cambados polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxerencias.

Terceiro.- Rematado o período de información pública, o Pleno, nun acto unitario, debe resolver as reclamacións e proceder á súa aprobación definitiva. No caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxerencia, entenderáse definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.



**Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)**

Cuarto.- Publicación e entrada en vigor: Dacordo co disposto no artigo 70.2 da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local Regulamento non entrará en vigor ata que se publique íntegramente o texto no BOPPO e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 (15 días hábiles a partires da recepción do acordo por parte da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma).



Ilmo Concello de  
**CAMBADOS**  
(Pontevedra)

## **PROPOSTA DO REGULAMENTO DA PRAZA DE ABASTOS DO CONCELLO DE CAMBADOS**

### **CAPÍTULO I RÉXIME XURÍDICO**

#### **Artigo 1. FINALIDADE DO REGULAMENTO**

O presente regulamento ten por obxecto establecer o réxime xurídico da organización, actividade e funcionamento **Da Praza municipal de abastos do Concello de Cambados**, para a prestación dos servizos de mercado de abastos en exercicio das competencias conferidas ao Concello polo artigo 25-2-i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local (LBRL).

#### **Artigo 2. ÁMBITO DE APLICACIÓN**

O presente regulamento municipal aplicaráselle ao edificio e instalacións do Concello, situado actualmente na Avenida de Galicia; destinado á venda polo miúdo de produtos alimenticios e derivados, así como á explotación doutras actividades comerciais non relacionadas coas alimenticias, das que a superficie para ocupar no mercado non excederá, no seu conxunto, do trinta por cento da que lle corresponda ao total de postos existentes.

O presente regulamento tamén se lles aplicará aos futuros edificios que se constrúan, coa finalidade de dedicalos a mercados de abastos, despois da aprobación do proxecto de execución que terá que informar o órgano competente da Administración autonómica, para efectos de garantir o cumprimento das condicións técnico-sanitarias esixibles. No proxecto delimitarase o número, situación e dimensións, coa planimetría correspondente, dos postos fixos e das bancadas do novo mercado.

Este regulamento aplicaráselles tamén ás concesións de postos, de bancadas, aos concesionarios, aos particulares usuarios do servizo e consumidores, ao Concello e, se for o caso, ao xestor indirecto do servizo. E a toda persoa ou ente con relación directa ou indirecta co mercado de abastos do Concello do Cambados.

#### **Artigo 3. RÉXIME DE EXPLOTACIÓN DOS MERCADOS**

a) As instalacións do mercado municipal e a prestación do servizo deste, adaptaranse ás determinacións deste regulamento e á normativa sectorial, estatal e autonómica, ou



**Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)**

a calquera outra , sobre comercio e hixiénica-sanitaria, de obrigatoria observancia, en concreto á Lei 7/1996, modificada po la Lei 1/2010, do 1 de marzo, sobre ordenación de comercio polo minúdo, á Lei 13/2010, do 17 de decembro, de ordenación do comercio interior de Galicia, e á regulación específica en materia sanitaria e de control de alimentos e bebidas. Ou a calquera outra lexislación vixente que substitúa amplíe ou modifique o marco legal do sector.

b) As relacións comerciais entre os/as concesionarios/as de postos de venda e os/as consumidores/as e usuarios/as do servizo rexeranse exclusivamente polo RDLex. 1/2007, do 16 de novembro, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e demais normas de dereito privado, ou a lexislación vixente en cada momento.

#### **Artigo 4. POSTOS DE VENDA**

A venda desenvolverase exclusivamente nos espazos adicados para tal fin no mercado de abastos.

Os tipos de espazos son os seguintes:

a) Postos fixos: superficie pechada de obra, semellante a un local comercial, na que se poderán almacenar, expoñer e comercializar produtos.

b) Bancadas: espazo mesado, diáfano no que se poden expoñer e comercializar artigos.

O Concello poderá autorizar ou denegar calquera futura solicitude de anexión de, como máximo, tres postos fixos, que, en todo caso, continuarán mantendo a súa numeración.

As concesións de bancadas outorgaranse por metros lineais. Unha mesma persoa física ou xurídica non poderá ser autorizada a dispoñer de máis de 6 metros lineais de bancada.

## **CAPÍTULO II DAS CONCESIÓNS DOS POSTOS DE VENDA**

#### **Artigo 5. NATUREZA XURÍDICA DAS CONCESIÓNS**

A utilización privativa dos postos de venda no mercado de abastos, precisa dun título habilitante por parte do Concello do Cambados, que terá consideración de concesión administrativa demanial.

O obxecto da concesión dos postos fixos será a súa utilización privativa co fin de



**Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)**

dedicalos ao servizo de venda ao público duns produtos determinados ou dunha actividade específica, sen prexuízo de que o Concello poida autorizar o cambio de destino, por pedimento do/a concesionario/a.

O obxecto de concesión das bancadas será, primordialmente, a venda de produtos do mar (peixes, mariscos etc.) e de produtos da horta (froita, verduras, hortalizas etc.). O Concello poderá, logo dunha solicitude do/a concesionario/a, autorizar a venda doutro tipo de produtos, previa consulta cas asociacións de profesionais que existan na Praza de Abastos.

#### **Artigo 6. TITULARES DAS CONCESIÓNS**

Os postos non lles poderán ser adxudicados conxuntamente a dúas ou máis persoas físicas ou xurídicas e tampouco poderán ser titulares dos postos as persoas físicas ou xurídicas comprendidas nalgún dos casos de prohibición de contratar establecidos na normativa sobre contratos das administracións públicas.

Cada concesionario/a non poderá ser titular, directa ou indirectamente, de máis de tres casetas ou de tres bancadas. Esta disposición non afectará aos dereitos adquiridos con anterioridade á entrada en vigor do presente regulamento.

Non poderán optar á concesión administrativa de postos, ademais das incursas por lei en prohibición de contratar coas administracións municipais, aquelas persoas ás que lles fose revocada ou anulada unha concesión anterior como consecuencia de sancións por faltas moi graves. Esta imposibilidade para contratar terá un período de duración de polo menos 4 anos.

As persoas que estean á fronte do posto ou bancada deberán ser as titulares destas ou persoal empregado, podendo o Concello, en calquera momento, comprobar e requirir o cumprimento deste requisito. Cando saia a licitación a concesión demanial dun posto o anterior concesionario poderá exercer o dereito de tanteo sempre que a súa proposta económica e a que resultase elixida non existira unha diferenza superior a un 10 por 100.

#### **Artigo 7. DURACIÓN DAS CONCESIÓNS**

A duración das novas concesións para a utilización privativa dos postos fixos e das bancadas no mercado de abastos fíxase en 25 anos. O Concello de Cambados poderá outorgar prórrogas sucesivas de 5 anos, por solicitude do/a concesionario/a, ata un máximo de 50 anos.

A/s prórroga/s ás que se refire o parágrafo anterior deste artigo deberán ser solicitadas



**Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)**

polo/a interesado/a con 30 días naturais de antelación ao remate da concesión, e ademais deberán aboar en concepto de dereitos o importe de cinco anualidades.

As concesións actuais de postos fixos e de bancadas renovaranse automaticamente por un período máximo de 25 anos, contados a partir da entrada en vigor deste regulamento, agás que no prazo de 30 días naturais optasen por acollerse ao previsto na disposición transitoria única, coas posibilidades de prórrogas previstas nos parágrafos anteriores.

Finalizada a concesión, os postos reverterán automaticamente ao Concello, coas súas melloras e obras accesorias, sen dereito a indemnización ningunha por parte dos/as adxudicatarios/as, quen, en todo caso, poderán retirar o mobiliario e a maquinaria que tivesen instalada, coa obriga de deixar o posto en perfectas condicións de uso.

#### **Artigo 8. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DAS CONCESIÓNS**

A adxudicación das concesións para o uso e aproveitamento dos postos de venda no mercado de abastos axustarase ao procedemento aberto establecido na Lei de contratos do sector público e demais normativa vixente nesta materia, así como o disposto no Regulamento de servizos das corporacións locais.

Se levado a cabo o procedemento aberto quedasen sen adxudicar postos, estes poderán ser adxudicados mediante procedemento negociado conforme as mesmas disposicións, nun prazo máximo de tres meses contados a partir do remate do último procedemento aberto.

O Concello poderá outorgar autorizacións provisionais de carácter revogable por períodos dun ano, prorrogables mediante unha resolución expresa, ata un máximo de catro anos, mentres non se resolva o procedemento aberto ou, de ser o caso, negociado de licitación para a súa adxudicación.

O órgano competente para outorgar todas as concesións e autorizacións por un período inferior a catro anos é a Alcaldía, e por un período superior é o Pleno, que poderá delegar esa competencia na Alcaldía ou na Xunta de Goberno, para efectos de dotar de axilidade o procedemento de adxudicación.

As taxas por ocupación dos postos ou bancadas serán sinaladas pola correspondente ordenanza fiscal reguladora da taxa.

#### **Artigo 9. TRANSMISIBILIDADE DAS CONCESIÓNS**

No caso de que unha persoa física titular dunha concesión quixese constituírse en



**Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)**

persoa xurídica ou viceversa deberá solicitarlle ao Concello o cambio de titularidade. De non facelo, podería serlle revogada a concesión sen dereito a indemnización.

Os titulares de postos de venda obtidos mediante unha concesión administrativa demanial poderán transferir libremente o seu uso e aproveitamento polo período que reste da concesión, logo da autorización do Concello e do pagamento das taxas procedentes, sempre que o/a cedente acredite ter explotado o posto de venda, polo menos, durante a quinta parte do período da concesión, e que o/a adquirente reúna as condicións esixidas neste Regulamento para contratar co Concello. A persoa transferente presentará as razóns que a inducen á transferencia, que serán consideradas pola Xunta de Goberno Local, que decidirá.

Na cesión por actos inter-vivos dun posto fixo ou bancada, terá preferencia sobre o mesmo o concesionario lindante co mesmo, sempre que cumpra con tódolos requisitos esixidos nesta ordenanza.

Tamén procederá o traspaso da concesión polo falecemento do/a titular, pasando o uso e aproveitamento aos/ás herdeiros/as en liña directa.

Os cambios de titularidade non lle afectarán ao cómputo da duración da concesión, sumándose para tal efecto o tempo transcorrido desde o comezo da concesión orixinal.

Queda totalmente prohibida a subcontratación ou o alugamento dos postos ou bancadas.

#### **Artigo 10. CAUSAS DA EXTINCIÓN DAS CONCESIÓN**

Sen prexuízo do establecido na Lei de contratos do sector público e na normativa vixente nesta materia, así como noutras disposicións desde regulamento, serán causas de resolución das concesións de postos, que determinarán a extinción destas, as seguintes:

- A finalización do prazo orixinario da concesión.
- A renuncia do/a concesionario/a.
- O rescate da concesión polo Concello por razóns de interese público sobrevidas.
- O mutuo acordo entre Concello e o/a concesionario/a.
- O falecemento ou declaración de ausencia dos/as titulares de concesións provisionais.
- A falta de pagamento das taxas municipais de dous trimestres consecutivos ou tres alternos ,no período dun ano.



**Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)**

- Ser sancionado/a o/a concesionario/a, mediante unha resolución firme, por unha infracción moi grave en materia sanitaria ou disciplina do mercado.
- Perda das condicións esixidas ao/á titular para a adxudicación da concesión.
- A imposibilidade de explotación do servizo como consecuencia de medidas adoptadas polo Concello con posterioridade.
- O incumprimento de obrigacións esenciais do/a concesionario/a, tipificadas neste Regulamento como infracción moi grave.
- A non ocupación e explotación do posto de venda, permanecendo pechado durante un mes ininterrompido ou sesenta días alternos durante o período dun ano.

En casos de imposibilidade transitoria do/a concesionario/a para o exercicio da actividade propia do posto, principalmente por causa de enfermidade ou similares, debidamente xustificadas, o Concello poderá permitir o peche do posto por petición do/a titular cando non exista unha persoa dependente do/a concesionario/a que poida atender a súa explotación. Esta autorización deberá solicitarse cando o peche supere os 15 días e non exceda de dous meses, e poderá prorrogarse o dito peche ata 6 meses en supostos excepcionais debidamente xustificadas.

Para a resolución das concesións de postos de venda, deberá tramitarse o procedemento regulamentario.

A extinción da concesión, mediante unha resolución motivada, non determina que o/a seu/súa titular teña dereito a indemnización ningunha.

Cando se extingue a concesión, calquera que fose a causa, os/as titulares deberán de abandonar e deixar libres e baldeiros os postos, e, de non facelo no prazo de quince días, o Concello acordará executar por si o desafuzamento en vía administrativa.

### **CAPÍTULO III POSTOS DE VENDA**

#### **Artigo 11. DESTINO E CONDICIÓN**

Os postos ou bancadas do mercado municipal non poderán ser destinados ao exercicio e explotación de actividades distintas daquela para a que foron autorizados.

As mercadorías e produtos permanecerán no recinto de cada posto e a súa venda e despacho efectuaranse necesariamente nel, con prohibición absoluta de depositalos fóra da superficie asignada ou de invadir superficies comúns ou doutos postos nin





**Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)**

modificar a delimitación física de cada posto.

Os mostradores e expositores axustaranse e cumprirán a normativa específica de aplicación, e deberán manterse en perfecto estado de limpeza.

Cada posto disporá dun colector con tapa, no que se verterán os desperdicios propios do posto, e manterase tapado. Ao remate de cada xornada, baleirarase no colector xeral, lavarase e desinfectarase.

As mercadorías estarán perfectamente identificadas segundo establece a lexislación vixente. Os prezos estarán visibles e farán referencia á mercadoría de que se trate. Os pesos e medidas estarán debidamente contrastados e o/a administrador/a poderá realizar as comprobacións que considere oportunas en calquera momento.

#### **Artigo 12. REPARACIÓN, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DOS POSTOS**

A conservación dos postos de venda correrá a cargo dos/as concesionarios/as. Cando por razóns de hixiene ou decoro sexa necesario realizar modificacións, estas poderán imporse ou autorizarse polo Concello, despois dun informe técnico en que se determine a súa necesidade e características.

Cando as obras realizadas polos/as concesionarios/as queden unidas de modo permanente ao piso, paredes e demais elementos integrantes do mercado, pasarán a ser propiedade do Concello, sen que os/as concesionarios/as teñan dereito a indemnización ningunha á finalización do prazo da concesión. Entenderase que as obras e instalacións están unidas de modo permanente cando non se poidan separar dos pisos, paredes ou elementos sen quebranto ou deterioración destes.

O mobiliario, maquinaria, instalacións e útiles para usar nos postos correrán a cargo dos concesionarios, axustándose aos modelos-tipos establecidos e adaptados á lexislación vixente en cada momento.

Os/as concesionarios/as de postos poderán executar pola súa conta, logo dunha autorización do Concello, as obras necesarias para o axeitado funcionamento do seu negocio, sempre que non modifiquen a disposición actual dos postos nin alteren a estética predominante do mercado.

Os/as concesionarios/as de postos, por requirimento da Administración municipal, deberán demoler, á súa costa, as obras executadas sen autorización municipal e estarán obrigados/as a reparar os danos causados.

A apertura de portas exteriores queda delimitada a causas extraordinarias e



**Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)**

debidamente xustificadas, as cales requirirán dunha autorización previa do Concello.

#### **CAPÍTULO IV INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS DO MERCADO**

##### **Artigo 13. EDIFICIOS AFECTOS AO SERVIZO DE MERCADOS**

Continúan afectos ao Servizo de Mercado de Abastos o edificio e instalacións, propiedade do Concello, e situado na rúa Avenida de Galicia .

Os edificios municipais adscritos ao servizo de mercados contarán con instalación e locais dotados das condicións técnico-sanitarias mínimas esixidas pola normativa reguladora vixente segundo o tipo de actividade a que se destinen.

A construción, ampliación ou reforma do actual mercado municipal será asumida directamente polo Concello, logo da aprobación do proxecto técnico de execución, que será informado polo órgano competente da Consellería de Sanidade para garantir o cumprimento das condicións técnico-sanitarias esixibles.

##### **Artigo 14. POSTOS DE VENDA**

Todos os postos de venda do mercado municipal estarán numerados, con especificación do seu destino ou actividade autorizada.

Os postos, casetas ou bancadas non poderán destinarse ao exercicio e explotación de actividades comerciais distintas de aquelas para as que foron autorizadas. Porén, o Concello facilitará cambios de actividade comercial naqueles postos existentes cando a nova actividade estea pouco representada no mercado, sexa demandada polos/as consumidores/as e usuarios/as, e esta resulte compatible coa actividade.

Os/as concesionarios/as de postos ou bancadas terán nun lugar visible á disposición da administración do mercado unha ficha da concesión do posto na que conste, polo menos: o número do posto e o nome do/a concesionario/a e a actividade comercial autorizada nos postos. Tamén, o número de Rexistro sanitario REGASA.

As actuacións de cambio de actividade requirirán a autorización do Concello. Á hora de tomar esta decisión, o órgano de goberno competente consultará á asociación de Profesionais da Praza de Abastos.

Cada vendedor/a usará exclusivamente o/os posto/os concedido/os, quedando prohibido ocupar outros postos ou zonas comúns.



**Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)**

### **Artigo 15. ESPAZOS COMÚNS**

Os espazos e superficies de utilización común ou xeral dentro do recinto do mercado municipal atoparanse expeditos ao tránsito e facilitarán unha axeitada comunicación das diferentes zonas comerciais. Deberán, ademais, manterse todo o limpos que a propia actividade do mercado o permita, e en perfectas condicións de uso, desde o momento de apertura da praza ata o seu peche.

Os/as concesionarios/as de postos limparán os corredores adxacentes unha vez rematada a xornada, e queda prohibido o baldeo nas horas de atención ao público.

### **Artigo 16. COLECTORES DE DESPERDICIOS**

O Concello, a través dos seus servizos ou da empresa concesionaria, situará colectores xerais para o depósito de mercadorías no mercado, en zonas especialmente habilitadas para esta finalidade, fóra do inmovible. A xestión de retirada de residuos especiais, voluminosos, restos de maquinaria etc., deberán ser xestionados polos concesionarios, segundo indique a lexislación vixente. Ademais, os/as concesionarios/as deberán favorecer os labores de separación, reciclaxe e orde que en cada momento determine o Concello.

Os/as concesionarios/as deberán verter os desperdicios procedentes dos seus postos de venda nos colectores xerais, utilizando colectores particulares. Non se permitirá verter nos contedores de carácter xeral cartón, caixas ou outros elementos, e queda o seu uso limitado, exclusivamente, aos desperdicios orgánicos. Os vertidos nos colectores xerais depositaranse no horario que se fixe polo Concello.

### **Artigo 17. TABOLEIRO DE ANUNCIOS**

No mercado municipal de abastos haberá, á vista do público, un taboleiro de anuncios no que se exporán cantas disposicións sexan de interese, tanto para os vendedores coma para o público en xeral: municipal, campañas de publicidade conxunta... Non se permitirá ningún tipo de publicidade colocada fóra destes taboleiros, agás os rótulos de cada establecemento, nos que se anunciará o nome do titular deste.

### **Artigo 18. PUBLICIDADE**

Non se permitirá o uso particular de altofalantes, aparellos de megafonía, reparto de impresos, voceo ou calquera outro sistema sonoro de ofrecemento de mercadorías ou produtos. Unicamente poderán facelo de xeito colectivo todos/as os/as concesionarios/as dos postos e bancadas, logo da conformidade do Concello.



**Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)**

### **Artigo 19. CONTROL DE PESOS E CALIBRACIONES**

Cada concesionario/a deberá dispor de básculas adaptadas á normativa vixente e que permitan o control visual do peso por parte dos/as consumidores/as. Estas básculas deberán de ser homologadas e pasar o mantemento e control correspondente por parte dos/as concesionarios/as dos postos.

O concello porá á disposición dos/as usuarios/as un xogo de pesas contrastado que permita comprobar o correcto funcionamento das básculas existentes tanto por parte dos/as consumidores/as como dos/as concesionarios/as. Este xogo de pesas estará baixo o control da persoa encargada do mercado. Isto non constituirá proba legal ningunha e non eximirá os/as concesionarios/as do seu deber de control e calibración das balanzas, senón que será un elemento meramente indicador que poida en calquera momento solventar e aclarar calquera dúbida no tocante a algunha pesada de mercadorías.

## **CAPÍTULO V NORMATIVA SANITARIA**

### **Artigo 20. RESPONSABILIDADES**

A venda no mercado municipal de Cambados está sometida ás normativas xurídicas que regulan a venda e disposición de produtos no eido sanitario. Estas normativas serán de obrigado cumprimento para todos e cada un dos vendedores/a e usuarios/as deste mercado, os/as cales, deberán respectar e facer respectar a normativa vixente en hixiene alimentaria.

a) Responsabilidades do Concello de Cambados: o Concello, a través dos seus servizos ou traballadores municipais ou da forma en que se considere a xestión do mercado, será responsable do funcionamento dos servizos xerais, tales como:

Limpeza e desinfección de espazos comúns.

Servizo de desratización e desinsectación das dependencias xerais do mercado.

Retirada dos RSU.

Xestión, mantemento e control das cámaras comúns, no caso de habelas.

Promoción, divulgación e control das boas prácticas de hixiene no mercado municipal de Cambados.



**Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)**

b) Responsabilidades dos/as concesionarios/as dos postos:

Colaborar co Concello para o desenvolvemento das responsabilidades competentes deste.

Pór á venda soamente produtos permitidos e que cumpran coa normativa en hixiene alimentaria, rastrexabilidade, etiquetado etc.

Limpeza e desinfección dos seus postos.

Mantemento e control dos utensilios propios do seu posto, como pesas, cámara etc.

Cumprimento da normativa básica en hixiene na manipulación e venda dos produtos.

Estar en posesión dos certificados que acrediten a formación en manipulación de alimentos.

c) Responsabilidade dos/as usuarios/as:

Manter unhas normas básicas de hixiene, evitando calquera actuación que poida alterar ou contaminar os alimentos.

### **Artigo 21. COMPETENCIAS**

Será competencia da autoridade sanitaria correspondente a vixilancia das normas de hixiene que rexan en cada momento.

Tanto a persoa encargada do mercado como as concesionarias dos postos terán a obriga de prestar toda a colaboración necesaria para facilitar a tarefa de control e vixilancia da autoridade sanitaria.

Cada estamento responderá diante da autoridade sanitaria, no eido das súas competencias e responsabilidade.

Será a autoridade sanitaria a que poida dotar ou solicitar a adopción das medidas que estime convenientes co fin de garantir a seguridade sanitaria dos produtos de venda no mercado.

A responsabilidade do cumprimento da normativa sanitaria no tocante á venda dos produtos no mercado municipal de Cambados será do/a propietario da dita mercadoría. Cada usuario/a do posto deberá responder diante dos inspectores da Consellería de Sanidade, ou da que corresponda en cada momento,



**Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)**

## **CAPÍTULO VI**

### **DEREITOS, OBRIGAS E PROHIBICIÓNS DOS/AS TITULARES E PERSOAS AUTORIZADAS**

#### **Artigo 22. DEREITOS**

Son dereitos dos/as titulares dos postos ou bancadas do mercado os seguintes:

- a) Explotar os postos na forma establecida neste regulamento durante o tempo da concesión.
- b) Utilizar os bens de servizo público necesario para o desenvolvemento das súas actividades.
- c) A que ninguén máis ca eles/as poidan exercer o comercio dentro do recinto do mercado
- d) Cando deba desocuparse o mercado por traslado das súas actividades a outro novo, os/as titulares dos postos e bancadas terán dereito a ocupar un posto de similares características no novo mercado, polo tempo que lles restase para a extinción da concesión inicial.
- e) Contratar persoal asalariado que o axude nas operacións a realizar no posto, sendo as relacións xurídicas que se deriven do contrato de traballo responsabilidade única do concesionario.

f) Como norma xeral, permítese o peche do posto nos seguintes termos:

- Máximo de 30 días seguidos por vacacións.
- Máximo de 3 días ó ano por asuntos propios.

En calquera caso deberá poñerse en coñecemento do Concello o uso destes dereitos. A comunicación ó Concello deberá ser cunha antelación mínima de 15 días.

- Por enfermidade xustificada.

#### **Artigo 23. OBRIGAS**

Son obrigas dos/as titulares dos postos do mercado as seguintes:

Os postos de venda serán atendidos polas persoas titulares destes, ou por persoal empregado, en ambos os casos, deberán estar dados de alta na Seguridade Social.

A administración municipal esixirá das e dos titulares dos postos a colocación, nun lugar visible, dunha ficha na que figuren datos tales como o número do posto, o titular da explotación e a actividade autorizado nese posto, así como a alta na Seguridade Social ou IAE correspondente, o REGASA e a capacitación dos titulares e empregados



**Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)**

dos postos para manipular alimentos.

Ter á disposición das autoridades competentes un documento xustificativo do seu dereito, que será facilitado polo Concello.

Deberán facer efectivas as taxas ou dereitos de utilización dos postos ou bancadas, así como as sancións que neste se establezan.

Exercer a súa actividade durante as horas sinaladas para esta, cumprindo co horario de carga e descarga e venda ao público que sinale o Concello.

Expor á vista do público unha mostra de todos os artigos que se vendan con indicación do seu prezo, identificación e etiquetaxe correcta.

Vestir a indumentaria apropiada (gorro, luvas, bata de traballo,...), para a realización da venda e conservala en bo estado de uso e limpeza.

Dispor dos instrumentos de pesar e medir necesarios, que deberán axustarse aos modelos oficialmente homologados e contrastados.

Manter en perfecto estado de limpeza e aseo o propio posto e os útiles necesarios para o desenvolvemento da actividade, así como a parte do corredor lindante deste, na totalidade da súa anchura. Cada vendedor/a recollerá o seu posto no horario sinalado para tal efecto. De ter a necesidade de facelo noutras horas, farase desde dentro do posto ou o máis próximo posible, de forma ordenada, non deixando os carros ou mercadoría no corredor de tránsito e evitándolles molestias á clientela e ás demais persoas concesionarias.

Depositar os desperdicios nos colectores destinados para tal fin nas horas sinaladas.

Facilitarlle os datos solicitados ás autoridades competentes cando lles sexan requiridos por estas.

Manter en todo momento unha absoluta corrección coas demais persoas usuarias do mercado, usando boas formas e respecto nas relacións entre si, co público e coas autoridades.

Cumprir con cantas obrigas resulten deste regulamento e demais disposicións legais que sexan de aplicación en materia de sanidade, policía e alimentación, comercio, abastos, fiscal, laboral e mercantil e calquera outra que poida ser de aplicación nun futuro.



**Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)**

Utilizar o posto, local ou bancada só e exclusivamente para o fin ao que este estea destinado e para o que foi concedido.

Almacenar as mercadorías dentro do propio posto, sen poder utilizar os espazos comúns ou libres do mercado.

Mostrarlles á persoa encargada do mercado, á inspección veterinaria, aos/ás vixilantes do mercado, e, se for o caso, á Policía Local, cantos produtos teñan á venda sen que poidan opoñerse ó recoñecemento destes.

#### **Artigo 24. PROHIBICIÓNS**

Con carácter xeral, establécense as seguintes prohibicións para o desenvolvemento da actividade comercial no mercado municipal de abastos:

- ⤴ Expor as mercadorías fóra dos postos de venda ou en postos distintos dos que lle correspondan.
- ⤴ Limpar desperdicios no mercado durante o horario sinalado para a venda, salvo naqueles produtos comprados por un cliente que solicite que se lles limpen.
- ⤴ Emprego de recipientes ou medios de transporte que ocasionen deterioración no pavimento do recinto.
- ⤴ Non se poderán utilizar papeis, periódicos, impresos etc. para envolver os produtos Non terá condición de papel impreso o que leve consignado o nome, enderezo do vendedor sobre unha cara que non vaia a estar en contacto co alimento, sempre que estea autorizado pola inspección sanitaria.
- ⤴ Expor os produtos que regulamentariamente precisen de conservación por frío, agás en mobles frigoríficos axeitados en cada caso.
- ⤴ A venda a granel ou por fraccións cando esta venda estea prohibida pola regulamentación técnico-sanitaria ou as normas específicas.
- ⤴ A utilización para calquera fin, ben sexa comercial ou de almacenamento, de postos e bancadas que se encontren baleiros.
- ⤴ Botar lixo ou residuos nas dependencias ou zonas de afluencia de público.
- ⤴ Non se poden almacenar produtos insalubres nin dispor de recipientes ou outros utensilios que faciliten manipulacións nocivas.
- ⤴ O voceo, o uso de altofalantes ou de calquera outro medio sonoro para ofrecer os produtos e mercadorías que supoñan alteracións no transcórren normalizado da venda.
- ⤴ O uso de publicidade e venda ambulante.

### **CAPÍTULO VII OBRIGAS E POTESTADES DO CONCELLO**





**Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)**

### **Artigo 25. OBRIGAS**

O Concello de Cambados, como xestor directo do servizo de mercado de abastos, terá as seguintes obrigas:

- △ Velar polo coidado, limpeza, conservación, mantemento e vixilancia das instalacións do mercado municipal, non permitindo a venda por persoas non autorizadas.
- △ Ocuparse da apertura e axeitado funcionamento das instalacións segundo o establecido neste regulamento.
- △ Levar un rexistro axeitado das concesións outorgadas, no que, polo menos, constarán a data de concesión, o nome do/a seu/úa titular, o prazo da concesión, a actividade de concesión, e as subrogacións e as transmisións.
- △ Prestar os servizos de mercado de abastos con continuidade garantíndolles aos/ás concesionarios o uso e aproveitamento dos postos nas condicións establecidas na concesión.
- △ Coidar da boa orde do servizo ditando as instrucións pertinentes con respecto ao principio de non discriminación.

### **Artigo 26. POTESTADES DO CONCELLO**

A Administración municipal ten os poderes de policía necesarios para asegurar o correcto funcionamento dos servizos dos mercados municipais, tales como:

- △ Esixir a observancia das normas relativas ao desenvolvemento do servizo por parte dos/as concesionarios/as dos postos, e das persoas consumidoras e usuarias.
- △ Impoñer as sancións pola comisión de infracción de conformidade co establecido neste regulamento e normativa específica aplicable.
- △ Esixirlles o pagamento das taxas e demais ingresos de dereito público aos/ás concesionarios/as dos postos de venda, de conformidade coa respectiva ordenanza fiscal.
- △ Ordenar e executar o desaloxo dos postos que deban quedar libres e vacantes en aplicación do disposto neste regulamento.

As precedentes medidas poderán facerse efectivas por mediación da persoas encargada do mercado, ou a través dos medios contemplados na lexislación vixente en cada momento, para a protección e defensa do ben das entidades locais.

## **CAPITULO VIII DEREITOS E DEBERES DOS/AS CONSUMIDORES/AS E USUARIOS/AS**



**Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)**

### **Artigo 27. DEREITOS**

A prestación de servizos nos mercados municipais, aos/ás consumidores e usuarios/as efectuarase de conformidade cos principios constitucionais de igualdade e non discriminación, tendo preferencia as persoas que na orde temporal primeiro soliciten os servizos.

Os/as consumidores/as e usuarios/as terán os seguintes dereitos:

- ▲ Ter acceso aos servizos en condicións básicas de igualdade.
- ▲ Utilizar as instalacións do mercado de conformidade co disposto neste regulamento e normativa de obrigado cumprimento.
- ▲ Solicitar da Administración municipal o correcto funcionamento das instalacións, denunciando, se é o caso, as irregularidades observadas.
- ▲ Ser informados das normas do funcionamento do mercado.
- ▲ Ter garantía de que os servizos se prestan con continuidade.
- ▲ Os demais dereitos recoñecidos por este regulamento e normativa de obrigada aplicación.

### **Artigo 28. DEBERES**

- ▲ Utilizar as instalacións do mercado de acordo coa súa natureza e destino.
- ▲ Acatar as instrucións da Administración municipal ditadas para cumprir esde regulamento e normas de obrigado cumprimento.
- ▲ Non tocar nin apalpar as mercadorías expostas ao público cando se trate de produtos alimenticios facilmente deteriorables.
- ▲ Responder dos danos ocasionados ás instalacións cando fosen por dolo ou culpa do consumidor.
- ▲ Os demais deberes que lles impoña ás persoas consumidoras e usuarias a normativa de obrigado cumprimento.

## **CAPÍTULO IX GOBERNO E ADMINISTRACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL**

### **Artigo 29. XESTIÓN DO MERCADO**

A xestión do Servizo de Mercado Municipal de Abastos realizarase pola propia Administración municipal de forma directa, sen órgano especial de xestión con facultades resolutorias, ser prexuízo de que o Pleno da corporación poida acordar outra forma de xestión directa ou indirecta nalgunha das modalidades previstas na lexislación vixente.



Ilmo Concello de  
**CAMBADOS**  
(Pontevedra)

Correspóndelle á Alcaldía a dirección, inspección e impulsión do mercado municipal de abastos, quen poderá delegar as súas atribucións nun membro da corporación.

As funcións propias da administración do mercado municipal poderán ser desempeñadas por un/unha encargado/a do mercado, que non terá facultades resolutivas, debendo estar incluído este posto na Relación de Postos de Traballo do Persoal do Concello, ben como funcionario o como traballador laboral.

### **Artigo 30. FUNCIÓNS DO/A ENCARGADO/A DO MERCADO**

Son funcións da persoa encargada dos mercados municipais de abastos:

- ▲ Velar polo bo orden, policía e limpeza do mercado e o adecuado uso das instalacións.
- ▲ Vixiar a actividade mercantil que se realiza no mercado coa finalidade de que discorra por vías legais, comunicándolle á autoridade competente cantas anomalías observe.
- ▲ Inspeccionar os postos e as instalacións do mercado velando para que a súa actividade de axuste ao establecido neste regulamento. Na súa función inspectora, poderá esixirlles aos/ás concesionarios/as canta documentación sexa de interese referida á explotación do posto.
- ▲ Velar pola conservación e mantemento dos edificios e as súas instalacións, solicitando, se é o caso,, a intervención dos servizos técnicos municipais e brigadas de obras.
- ▲ Velar por que non se realicen prácticas ilícitas de venda no interior nin no exterior circundante dos mercados.
- ▲ Practicarlles as notificacións aos/ás titulares dos postos e manter informada a Alcaldía ou delegación do servizo de cantos asuntos relevantes lle afecten no funcionamento do mercado.
- ▲ Denunciar as infraccións do regulamento que poidan cometer os/as concesionarios/as e emitir os informes que lle fosen solicitados pola Alcaldía.
- ▲ Atender as queixas e reclamacións do público e das persoas titulares dos postos e resolvelas e transmitirllas en cada caso a quen corresponda.
- ▲ Formular propostas para a mellora dos servizos no mercado municipal.
- ▲ Colaborar coa Inspección Veterinaria e, se é o caso , coa Inspección da Consellería de Pesca, ás que lles prestará o apoio que reclamen.
- ▲ Colaborar coas persoas concesionarias do mercado, informando das incidencias que afecten ó funcionamento do mercado e recollendo as súas suxestións para a mellora deste.
- ▲ Cantas outras funcións se deriven na aplicación deste regulamento ou lle foran encomendadas á Alcaldía ou Concelleiro delegado do servizo.



**Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)**

## **CAPÍTULO X RÉXIME SANCIONADOR**

### **Artigo 31. RESPONSABLES**

Os/as titulares dos postos ou bancadas serán responsables das infraccións que se cometan contra o presente regulamento e demais normativas vixentes.

### **Artigo 32. CLASIFICACIÓN DAS INFRACCIÓNS**

As infraccións dos/as titulares dos postos clasifícanse en leves, graves e moi graves.

**Considérase falta leve:**

- ▲ Colocación das básculas de peso de forma que o peso non resulte visible para os/as compradores/as.
- ▲ Causarlle, mediante dolo ou negligencia, danos ao edificio, instalación e postos cando o seu valor sexa inferior a 2.000 €.
- ▲ Manter o posto pechado máis de 15 días seguidos sen causa debidamente xustificada e sen autorización municipal previa, aínda que o/a titular do posto se atope ao corrente no pagamento das taxas establecidas.
- ▲ Non estar atendido o posto po/a titular, ou a persoa autorizada expresamente polo Concello.
- ▲ Ocupar o posto baleiro, polas circunstancias que sexan, doutro/a vendedor/a.
- ▲ A desobediencia ou incumprimento das instrucións da persoa encargada do mercado, en materia da súa competencia.
- ▲ Todas aquelas infraccións do presente regulamento que non estivesen cualificadas como graves ou moi graves.
- ▲ Non exhibir prezos e etiquetados dos produtos.
- ▲ Non utilizar a indumentaria adecuada o despacho de cada produto. En todo caso, utilizarase o gorro, luvas e uniforme.

**Considérase falta grave:**

- ▲ Cometer dúas faltas leves no período de 12 meses, sancionadas mediante resolución firme en vía administrativa.
- ▲ A falta de limpeza nos postos ou bancadas do mercado.
- ▲ Botar lixo e desperdicios fóra dos colectores.
- ▲ A falta de decoro, respecto ou altercados verbais ante a clientela, outros usuarios e persoal da administración do mercado.
- ▲ A venda de produtos distintos aos autorizados polo Concello.



**Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)**

- △ Non ter debidamente sinalizada a mercancía con indicación do seu prezo e calidade.
- △ Negarse a presentar calquera documentación relacionada co negocio que lle sexa solicitada polo persoal autorizado.
- △ Promover altercados que produzan escándalo dentro do mercado ou nas súas inmediacións, no que se causen lesións, danos físicos ou danos materiais.
- △ Causarlles danos ao edificio, aos postos ou ás instalacións, por un valor entre os 2.000,01 € e os 6.000 €.
- △ O desacato ás ordes ou mandatos das autoridades municipais.
- △ Empregar ou auxiliarse de colaboradores/as para atender o posto sen cumprir a normativa laboral.
- △ As infraccións da regulamentación sanitaria que só impliquen descoido ou negligencia.
- △ A utilización de zonas comúns ou adxacentes do mercado con mercadorías propias ou desperdicios, lixo ou residuos.

**Considérase falta moi grave:**

- △ Cometer dúas faltas graves no período de 12 meses, sancionadas mediante resolución firme en vía administrativa.
- △ A modificación da estrutura dos postos de venda sen autorización municipal.
- △ O non pagamento das taxas correspondentes.
- △ O incumprimento da resolución recaída por algunha infracción cometida.
- △ A fraude na cantidade e calidade do xénero vendido.
- △ A cesión non autorizada da concesión do posto.
- △ Destinar o posto de venda a unha actividade comercial diferente á autorizada na concesión.
- △ Ocasionarlles danos ao edificio, ás instalacións e/ou aos postos por un valor superior aos 6.000 €.
- △ A obstrución reiterada ao exercicio das funcións e inspección sanitaria ou calquera outra.
- △ A comisión de roubos e furtos dentro do mercado.
- △ Actos de coacción, ameazas e suborno ao persoal da administración do mercado e da Inspección Sanitaria.
- △ O incumprimento da normativa hixiénico-sanitaria ou alimenticia que supoña perigo para a saúde pública.
- △ Non estar atendido o posto polo/a concesionario/a ou persoal asalariado deste/a.
- △ Manter o posto pechado máis de 30 días seguidos sen causa debidamente xustificada e sen autorización municipal previa, aínda que o/a titular do posto se atope ao corrente no pagamento das taxas establecidas.
- △ Subcontratar ou alugar os postos ou bancadas.



**Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)**

### **Artigo 33. Sancións**

O Concello, logo da apertura do correspondente expediente, poderá sancionar o/a infractor/a coas seguintes cantidades, segundo a gravidade da infracción, independentemente da cantidade económica que lle supoña ao/á infractor/a a reparación ou reposición dos danos causados.

- ▲ **Faltas leves:** apercibimento ou multa de entre 100,00 € e 300,00 €.
- ▲ **Faltas graves:** cun importe de entre 301,00 € e 600,00 €, ou coa suspensión da actividade por un prazo máximo de 15 días.
- ▲ **Faltas moi graves:** cun importe de entre 601,00 € e 1.000,00 €, ou coa rescisión da concesión e consecuentemente a obriga de deixalo libre no prazo máximo de 15 días.

As infraccións tipificadas na normativa estatal ou autonómica por vulneración das disposicións xurídicas en materia sanitaria de alimentación e de comercio serán sancionadas na contía que estableza a normativa específica cando esta atribución lle corresponda ao alcalde.

### **Artigo 34. PROCEDEMENTO SANCIONADOR**

A imposición de sancións esixirá a tramitación previa dun procedemento sancionador, que deberá acomodarse á lexislación vixente, en materia de procedementos para o exercicio da potestade sancionadora. Estes expedientes instruíranse pola concellería delegada competente e resolveranse polo alcalde.

A rescisión da concesión por incumprimentos establecidos nesta ordenanza será acordado pola Xunta de Goberno Local, e despois dun informe do encargado do mercado e con audiencia da persoa concesionaria do posto e da asociación ou asociacións de usuarios/as ou concesionarios/as do mercado municipal, seguindo o procedemento regulamentario.

Cando deba procederse ao desaloxo dun posto por rescisión da concesión, outorgaráselle ao/á usuario/a un prazo de 10 días para que poida retirar as mercancías e útiles da súa propiedade. Se o/a concesionario/a non o realizase neste prazo, farao o Concello a costa do/a usuario/a, sen que teña dereito a ningunha indemnización polas deterioracións que sufran no traslado ou no período en que estivesen depositados.



**Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)**

## **DISPOSICIÓNS ADICIONAIS**

### **PRIMEIRA: HORARIO DO MERCADO MUNICIPAL**

O horario de apertura e peche dos mercados municipais será o seguinte:

- △ O horario habitual de venda ó público será de 6 días á semana (de luns a sábado) de 8.30 a 14.30 horas como mínimo, permanecendo as instalacións abertas, podendo amplialo á tarde, previa consulta das asociacións de profesionais da Praza de Abastos, podendo ser de 18 a 20 horas. Quedan excluídos da obriga de abrir os luns os titulares de concesións que estean adicadas á venda de peixe e legumes de tempada.
- △ En períodos e datos de especial afluencia comercial, poderase establecer horarios máis amplos, debendo fixarse os mesmos mediante acordo entre a Alcaldía e os profesionais da Praza, con intervención da Asociación de profesionais da Praza de Abastos e tendo en conta o calendario laboral do ano natural.
- △ Durante as horas de venda ao público, non se poderán transportar mercadorías polos corredores, ocupalos con envases ou outros obxectos, de forma que impidan ou dificulten o tránsito público.
- △ A Administración municipal, oídos os/as concesionarios/as e a asociación, poderá autorizar a entrada dos/as titulares no mercado fóra das horas de venda, para a preparación e/ou a retirada de xénero e acondicionamento do posto.

### **SEGUNDA: HORARIO DE DESCARGA**

A carga e descarga de mercadorías con destino aos postos interiores do mercado realizaranse no horario que estableza o Concello, e establecerá as normas de acceso das mercadorías. O acceso ao mercado para a carga e descarga de mercadorías, así como para o acceso aos postos fóra do horario comercial, farase unicamente pola porta traseira do mercado. Queda totalmente prohibido o acceso ao mercado, fóra do horario comercial, a persoas alleas a aos postos. Os/as concesionarios/as dos postos colocarán as mercadorías para a venda ao público antes da apertura do mercado. Se excepcionalmente (por horarios de poxa etc.) non é posible, farase de maneira ordenada e sen deixar carros e mercadorías nos corredores de tránsito, evitándolle molestias á clientela e ás demais persoas concesionarias. A obstrución reiterada de corredores e zonas comúns en horario comercial será considerada falta grave e sancionarse como tal.



**Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)**

### **TERCEIRA: CÁMARAS DE REFRIXERACIÓN DO CONCELLO**

O Concello dispón de dúas cámaras de refrixeración nas instalacións do mercado municipal, sobre as cales ten dereito de uso prioritario. Así mesmo, poderá adxudicarse, como máximo, un posto de uso nas cámaras de refrixeración por cada bancada destinada á venda de peixe e marisco. A limpeza das cámaras será responsabilidade dos/as concesionarios/as que as usen. O Concello non terá ningunha responsabilidade sobre posibles danos que sufran os produtos que se garden nestas . As normas de uso para as cámaras de refrixeración son as seguintes:

- Non se poderá ocupar con produtos, caixas, carros etc. o seu corredor.
- Cada concesionario/a ocupará exclusivamente o sitio que lle foi asignado.
- Evitarase manter a porta aberta durante un tempo excesivo.
- Gardaranse soamente produtos en bo estado.

O non cumprimento das normas de uso dará lugar a unha sanción económica e á retirada do permiso de uso da cámara de refrixeración.

### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA**

Os titulares das concesións en vigor, que non se acollesen ao previsto no parágrafo terceiro do artigo 7, unha vez rematado o prazo das mesmas, poderán coa antelación sinalada no devandito artigo solicitar prórrogas de cinco anos ata o límite máximo indicado de 25 anos.

### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

O presente regulamento derroga o Regulamento dos Mercados Municipais aprobado en sesión plenaria de 4 de setembro de 1986 e modificado por acordo de 25 de abril de 2002, agás as disposicións específicas para os mercados semanais, contidas nos artigos 36 a 41 de dito regulamento.

En Cambados a 9 de agosto de 2016.

A Concelleira de Medio Ambiente, Mar e Medio Rural

Asdo: María Xosé Caballos Domínguez